DÍA DE SAN FROILÁN

Queridos irmáns,

"A mesma alegría terán os anxos no ceo por un só pecador que se converta", acabamos de oír no Evanxeo. Que gran consideración de cada un de nós, canta valoración das nosas persoas e da nosa vida: O ceo enteiro alégrase por un pecador, calquera de nós, o máis indiferente ou o menos moral, o que perdeu o camiño, a ninguén importa e xa ninguén busca! Alégrase o ceo por un só, por min, pensando na miña vida, en que se abre ao ben e á verdade.

Esta certeza, na que cada un atópase de súpeto honrado, buscado e querido, visto como causa de alegría no medio do mundo, é tamén raíz e causa da nosa festa de San Froilán.

É verdade, o Bo Pastor non repara en esforzos e sacrificios por buscar a ovella perdida. En contra de quen a esquecería –nos esquecería– mesmo razoablemente, ocupado con todas as demais, El deixa todo por ela, chega mesmo a dar a propia vida por atopala. Isto sucedeu, fíxoo o noso Señor Xesucristo; tal é a vontade do Deus Pai e Creador. E isto predicou con elocuencia San Froilán, desta certeza viviu el mesmo; este amor gratuíto e pleno, recoñecido, conmoveuno e determinou a súa vida.

A súa grandeza persoal, a súa propia existencia construída sobre esta certeza, converteuse en razón palpable para que moitos cresen tamén e vivisen como criaturas novas, cunha nova comprensión das cousas e do próximo.

Nada lle importou máis a Froilán que saber falar e dicir ben, con elocuencia, este misterio de amor. Rezou e pediu con toda a alma poder comunicar aos seus o máis belo, o máis grande, o misterio que ilumina mente e corazón, e renova a vida. Represéntano acollendo a graza abundante do Espírito en forma de dúas pombas, como signo do don divino dunha elocuencia marabillosa, destinada a falar aos seus e a todos do Señor Xesús, do Evanxeo, do que máis lle importaba, a razón da súa alegría e a súa esperanza.

A fe é unha inmensa afirmación do ben, contra toda insidia do mal, toda mentira e toda violencia. É a certeza de existir a partir dun Amor sorprendente e real, que fundamenta, que sostén e dá forma á vida.

Froilán falou aos seus con elocuencia, coma se tamén el buscase ás ovellas dispersas, que, sen guía nin amparo, eran presa dos lobos, dos moitos depredadores aos que importaba só aproveitarse delas para a propia conveniencia.

Xerou lugares de paz, de convivencia, que só nace e permanece cando se dá este amor, este respecto e coidado primeiro, e a liberdade recoñéceo.

Na presenza dunha fe e unhas relacións así vividas, ante a realidade dunha convivencia en paz, dunha apertura real ao ben e á verdade, á liberdade de cada un facíaselle máis doado recoñecer a presenza dun Amor que ha de guiar a vida e a construción da cidade; e podíase deixar atrás un mundo en que só a lóxica do dominio e a explotación, a violencia e o dereito do máis forte parecían razoables.

Nós queremos seguir afirmando na nosa cidade, nas nosas casas, a dignidade e a paz que significa Froilán, da que nos falaron os nosos pais e que herdamos como riqueza propia, como tradición da nosa terra e do noso pobo.

Certamente na base está a fe. A cal confirma a súa verdade cos seus bos froitos, coa súa capacidade de axudarnos a recoñecer o ben e a rexeitar o mal, a ter a fortaleza de vencer as nosas propias tendencias, de superar conveniencias e modas, para preferir a verdade e o ben; a aceptar os esforzos e sacrificios necesarios para non traizoar a propia conciencia, para non vivir na inxustiza, para coidar do amigo, do próximo, do ser querido.

O amor e a paz testemuñan da verdade da fe; e especialmente o estar disposto a saír a buscar a ovella perdida, que nos necesita, o poder alegrarse de corazón polo ben da vida do outro.

E, ao revés, as moitas palabras e a propaganda maior non poden substituírse á realidade deste amor ao próximo, á capacidade de coidar e alegrarse, de construír convivencia e paz; tampouco hoxe, cando nos rodean narracións, relatos, informacións sen fin, para condicionar a nosa mente e corazón.

Ao contrario, é parte intrínseca do respecto e a valoración do outro, dunha atención real ao seu ben, ofrecerlle a posibilidade dun acceso común á verdade, compartir con transparencia as razóns do que se propón, en formas de respecto e de diálogo. E actuar, por tanto, conscientemente de xeito diverso do que parece dominar hoxe día, cando abundan os insultos e descalificacións, a ausencia de argumentos, a mentira e a polarización buscada.

De aí a importancia da palabra, da predicación, que caracterizaba a Froilán. Falar sen engano e "desarmar as palabras, dar razóns da propia fe, procurar facer comprensible, construír sobre a procura e o amor á verdade, é principio de toda convivencia e da paz.

Nós celebramos hoxe a San Froilán, en quen vemos realizarse historicamente este camiño de fe evanxélica, de amor ao máis pequeno, de comunicación sincera, de xeración dunha vida común boa.

É razoable facer festa en honra deste florecemento, deste esplendor do humano, que se realiza nel, recoñecido popularmente como santo; e que é tamén a base e a guía da edificación das nosas casas, da nosa cidade, de Lugo, dende fai moitas xeracións.

Con esta fe cristiá, vivida e testemuñada na nosa historia, recibimos unha gran esperanza; para nós mesmos, en primeiro lugar: somos amados, chamados a construír a nosa existencia no horizonte de grandes certezas boas. A pesar de todos os testemuños contrarios, que prefiren falar de dominación e de poder, negar o acceso á verdade e usar de violencia, e que ao final recoñecen á morte como horizonte de todo ser.

Nós, celebrando a gloria de San Froilán, afirmamos a vida como o noso horizonte propio, unha vida eterna, vencedora da morte e libre de todo mal. Con esta esperanza queremos vivir xa agora, mirar ao próximo e ao mundo.

E con esta esperanza lembramos aos nosos seres queridos que nos deixaron xa, que encomendamos á bondade do noso Deus, que veu buscar á ovella perdida e que se enche de alegría pola salvación de cada un de nós.

Sexamos testemuñas desta alegría nas nosas familias, cos nosos veciños e nas nosas rúas, especialmente neste día de San Froilán. E pidamos, pola intercesión do noso santo Patrón, a bendición abundante do ceo sobre a nosa cidade, sobre as súas autoridades e institucións, sobre as nosas casas e sobre os máis necesitados de coidados, os máis fráxiles dos nosos irmáns.

Que Deus nos garde na súa paz a todos, na certeza boa de que temos un Bo Pastor que non esquece nin abandona nin sequera a unha pequena ovella perdida.

Feliz día de San Froilán!

+ Alfonso,
Bispo de Lugo